

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002359	Antón Losada Diéguez	Estrada (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0230	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA NEIRA RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora, pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Medio "Sistemas Microinformáticos e Redes" tomando como referencia o Decreto 27/2010 de 25 de febreiro, polo que se establece o currículo correspondente ao ciclo anteriormente mencionado, e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

- Perfil profesional do título: Artigo 3 do Decreto correspondente.
- Competencia xeral: Artigo 4 do Decreto correspondente
- Competencias profesionais, persoais e sociais: Artigo 5 do Decreto correspondente.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos xerais do ciclo, os obxectivos dos módulos profesionais expresados en termos de resultados de aprendizaxe os criterios de avaliación incluídos neste Título, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

Os contidos dos módulos profesionais que conforman o presente currículo, adaptados a realidade socioeconómica así como as perspectivas de desenvolvemento económico e social do contorno, son os establecidos no Anexo I desta Orde. Conforme a ela se desenvolverá o currículo nas programacións didácticas ou desenvolvemento curricular, potenciando ou creando a cultura da prevención de riscos laborais, así como promovendo a cultura do respecto ambiental, a excelencia no traballo, o cumprimento de normas de calidade, a creatividade, a innovación, a igualdade de xénero e o respecto a igualdade de oportunidades, o deseño para todos e a accesibilidade universal, especialmente en relación coas persoas con discapacidade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0230_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio.	Identificamos a innovación e o desenvolvemento económico. Analízase a cultura emprendedora, así como as características clave dos emprendedores e a súa actividade neste sector, valorando o traballo por conta propia, tendo en conta o risco asociado á iniciativa empresarial e desenvolvendo ideas de negocio, como punto de partida para o <u>deseño dun proxecto empresarial</u> .	8	20	X			
2	O entorno da empresa e o mercado.	Comprende a análise do ámbito xenérico e específico dunha empresa, a súa interrelación con ela e a súa influencia na localización e posta en marcha dun negocio. Identifícanse os requisitos para o exercicio da actividade empresarial e aspectos relacionados coa responsabilidade social, cultura empresarial e imaxe corporativa. Iniciamos o deseño estratéxico da empresa: actividades e procesos a desenvolver, organización dos recursos e estratexia de mercado.	23	30		X		
3	Creación e posta en marcha dunha empresa.	Comprende a análise das decisións iniciais que deberán tomar como empresarios e a súa inclusión no plan de empresa: forma xurídica da empresa, responsabilidade asociada a esta e fiscalidade, os trámites de constitución e posta en marcha, as vías de asesoramento, así como as <u>axudas e subvencións para a creación dunha empresa</u> .	11	20			X	
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa.	Análise de investimentos e fontes de financiamento, nocións básicas de contabilidade e análise da información contable, elaboración dun plan financeiro, análise das obrigas fiscais dunha peme do sector e xestión administrativa dunha empresa.	21	30				X
Total:			63					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio.	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor, identifica as capacidades asociadas a el e define ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Desenvolver o seu espírito emprendedor.	1	A idea emprendedora e a iniciativa de negocio.	4,0
2.1 Identificar ideas emprendedoras caracterizadas pola creatividade e innovación. 2.2 Seleccionar unha idea de negocio como punto de partida para o proxecto empresarial. 2.3 Coñecer a estrutura e utilidade dun plan de empresa.	2	Da idea de negocio ao plan de empresa.	4,0
TOTAL			8

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	● PE.1 - Innovación.	S	12
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	● PE.2 - Cultura emprendedora.	N	12
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.	● TO.1 - Importancia da iniciativa, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración.	N	10
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da informática.	● PE.3 - Características das actividades emprendedoras.	S	12
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	● PE.4 - Concepto de risco.	N	12
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e creatividade, e pola súa factibilidade.	● TO.2 - Ideas innovadoras, creativas e factibles.	N	10
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da informática, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.	● TO.3 - Selección da idea de negocio.	S	12
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	● TO.4 - Estructura proxecto empresarial.	S	20
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de informática: materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.
Cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector da informática.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras. Fontes de ideas: maduración e avaliación.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, a súa estrutura e a súa aplicación no ámbito da informática.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A idea emprendedora e a iniciativa de negocio. - O espírito emprendedor. A idea de negocio e creatividade e o plan de empresa.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos contidos relacionados coa unidade. • Comentario dos supostos prácticos resoltos no manual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización dun cuestionario de autoanálise coas propias cualidades como emprendedor e posta en común • Busca de información e toma de decisións iniciais do proxecto: idea de negocio, proposta de valor e socios de ser o caso. • Resolución dunha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Test do emprendedor e posta en común. • Proba escrita realizada polos alumnos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula de informática. • Ordenador con proxector e presentación. • Recursos web. • Libro de texto de referencia ou apuntes. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Innovación. • PE.2 - Cultura emprendedora. • PE.3 - Características das actividades emprendedoras. • PE.4 - Concepto de risco. • TO.1 - Importancia da iniciativa, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración. 	4,0
Da idea de negocio ao plan de empresa. - Inicio da elaboración do plan de empresa, coñecendo a estrutura deste e comezando pola selección da idea.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da estrutura e utilidade do plan de empresa. • Indicar distintas ferramentas para a elaboración do plan de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración da primeira fase do plan: presentación breve do proxecto e da idea de negocio e a súa proposta de valor. 	<ul style="list-style-type: none"> • Primeira fase do plan de empresa: presentación do proxecto e da idea e proposta de valor da mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de EIE de referencia. • Recursos web. • Aula de informática. • Ordenador con proxector e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.2 - Ideas innovadoras, creativas e factibles. • TO.3 - Selección da idea de negocio. • TO.4 - Estrutura proxecto empresarial. 	4,0
TOTAL						8,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O entorno da empresa e o mercado.	23

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, logo da análise da relación entre empresa e contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos, e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os compoñentes do contorno dunha peme do sector para determinar os factores internos e externos que inflúen na súa aplicación. 1.2 Realizar un estudo de mercado sobre a idea de negocio. 1.3 Incorporar a responsabilidade social ao proxecto empresarial. 1.4 Recoñecer a interrelación da empresa co seu contorno xeral e específico.	1	O contorno da empresa.	7,0
2.1 Coñecer os elementos do marketing mix e a súa utilidade. 2.2 Valorar a función estratéxica da mercadotecnia e a importancia do desenvolvemento dun plan de mercadotecnia. 2.3 Recoñecer a relación entre a mercadotecnia e a imaxe corporativa. 2.4 Elaborar un plan de mercadotecnia sinxelo para unha peme do sector, para incluílo no plan de empresa.	2	O plan de marketing.	10,0
3.2 Determinar a estrutura dunha empresa do sector, tomando decisións de externalización/internalización de actividades. 3.1 Identificar as distintas partes funcionais que existen nas empresas.	3	Organización funcional e recursos humanos.	6,0
TOTAL			23

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.	• TO.1 - Importancia pemes.	N	7
CA2.2 Analizouse o impacto da actividade empresarial no medio e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.	• PE.1 - Impacto actividade empresarial.	S	7
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral da empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.	• PE.2 - Contorno xeral da empresa.	S	7
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	• PE.3 - Contorno específico da empresa.	S	7
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de informática en función da súa posible localización.	• TO.2 - Contorno xeral e específico dunha empresa do sector.	S	7
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.	• PE.4 - Responsabilidade social corporativa.	S	7

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa informática, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Importancia balance social. 	N	7
CA2.8 Identificáronse, en empresas de informática, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Valores éticos e sociais nas empresas. 	N	7
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Obxectivos éticos e sociais. 	S	7
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa. 	S	7
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos dunha empresa de informática e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Actividades e procesos básicos nunha empresa. 	S	7
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - Plan de empresa. 	S	23
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou dunha mediana empresa de informática: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou dunha mediana empresa de informática: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial; comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e das estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O contorno da empresa. - Análise da relación empresa-contorno e estudo de mercado dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos contidos básicos da unidade. • Comentario dos supostos prácticos resoltos no manual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura de información e recursos relacionados coa análise do contorno xeral e/ou específico extraendo conclusións cara ao proxecto de negocio. • Realización dun estudo de mercado, determinando o seu segmento de mercado e a competencia. • Realización da análise DAFO do proxecto empresarial. • Procura de información sobre medidas de responsabilidade social aplicables no sector, identificando as que se incorporarán ao proxecto empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Informe sobre o contorno empresarial. • Estudo de mercado da idea eleixida para o proxecto empresarial. • Matriz DAFO. • Proxecto empresarial: definición de obxectivos, misión, valores e responsabilidade social corporativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador con proxelector e presentación. • Libro de EIE de referencia. • Aula de informática. • Recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Impacto actividade empresarial. • PE.2 - Contorno xeral da empresa. • PE.3 - Contorno específico da empresa. • PE.4 - Responsabilidade social corporativa. • PE.5 - Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa. • TO.1 - Importancia pemes. • TO.2 - Contorno xeral e específico dunha empresa do sector. • TO.3 - Importancia balance social. • TO.4 - Valores éticos e sociais nas empresas. • TO.5 - Obxectivos éticos e sociais. 	7,0
O plan de marketing. - Recoñecer as principais ferramentas de marketing e concreción dun mix para unha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar o contido do plan de marketing e o marketing mix. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver cuestionarios e supostos prácticos. • Os equipos emprendedores deseñarán o plan de marketing do proxecto empresarial, definindo obxectivos e estratexias en canto ao produto, prezo, promoción e distribución. • Proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de marketing do proxecto empresarial. • Supostos prácticos resoltos. • Proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador, proxelector e presentación. • Aula de informática. • Recursos web. • Libro de EIE de referencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.6 - Actividades e procesos básicos nunha empresa. • TO.7 - Plan de empresa. 	10,0
Organización funcional e recursos humanos. - Estrutura empresarial e deseño organizativo. Xestión de recursos humanos, marco normativo e deseño de postos.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos contidos básicos da unidade relacionados coa actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de cuestionarios e supostos prácticos. • Elaboración dun esquema da cadea de valor na empresa, como ferramenta de toma de decisión. Definición das actividades a levar a cabo na empresa e externalización doutras. • Elaborar o plan de produción coa estimación de recursos necesarios para a estrutura definida polo equipo emprendedor. • Resolver unha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de produción do proxecto empresarial. • Proba escrita realizada polos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de EIE de referencia. • Ordenador, proxelector e presentación. • Aula de informática. • Recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.6 - Actividades e procesos básicos nunha empresa. • TO.7 - Plan de empresa. 	6,0



	TOTAL	23,0
--	-------	------

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación e posta en marcha dunha empresa.	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e a súa posta en marcha.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as diversas formas xurídicas dunha empresa. 1.2 Valorar as vantaxes e inconvenientes das principais formas xurídicas. 1.3 Decidir a forma xurídica máis axeitada á súa idea de negocio.	1	A forma xurídica da empresa.	5,5
2.1 Coñecer os diferentes trámites e a documentación necesaria para a posta en marcha do negocio. 2.2 Identificar as institucións e vías de asesoramento na creación de empresas como axuda na realización do plan de empresa.	2	Trámites de constitución.	5,5
TOTAL			11.0

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cumpran para desenvolver a actividade empresarial.	● PE.1 - Requisitos empresario.	S	10
CA3.2 Analízanse as formas xurídicas da empresa, con determinación das vantaxes e das desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.	● PE.2 - Formas xurídicas.	S	10
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da informática.	● TO.1 - Importancia empresas economía social.	N	10
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.	● PE.3 - Responsabilidade en función da forma xurídica.	S	10
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.	● PE.4 - Trámites fiscais segundo a forma xurídica.	S	10
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.	● PE.5 - Trámites de constitución.	S	10
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.	● PE.6 - Vías de asesoramento e xestión externas á empresa.	N	10
CA3.8 Analízanse as axudas e as subvencións para a creación e a posta en marcha de empresas de informática, tendo en conta a súa localización.	● TO.2 - Axudas e subvencións.	S	10
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.	● TO.3 - Plan de empresa.	S	20
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal da persoa empresaria.
Fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial, así como para a súa posta en marcha.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de informática.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A forma xurídica da empresa. - Análise das distintas formas xurídicas de empresa e toma de decisións para o plan de negocio.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación de contidos: as formas xurídicas de empresa. • Comentario dos supostos prácticos resoltos no manual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas coas características das diferentes formas xurídicas das empresas. • Elexir de maneira razoada a forma xurídica que levará o seu proxecto de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cadro-esquema das formas xurídicas. • Plan de negocio: selección da forma xurídica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de EIE de referencia. • Ordenador con proxector e presentación. • Aula de informática. • Recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Requisitos empresario. • PE.2 - Formas xurídicas. • PE.3 - Responsabilidade en función da forma xurídica. • PE.4 - Trámites fiscais segundo a forma xurídica. • TO.1 - Importancia empresas economía social. • TO.3 - Plan de empresa. 	5,5
Trámites de constitución. - Identificar os pasos a seguir na creación dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos trámites correspondentes a cada organismo e localización dos mesmos. • Dividir ao alumnado en pequenos grupos para que cada compoñente procure información dos trámites necesarios para a constitución e posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cada equipo fará unha exposición, ao resto da aula, dos trámites a seguir e dos organismos que interveñen atendendo ás peculiaridades do seu proxecto. • Cada equipo emprendedor procurará información sobre axudas e subvencións en función das características do proxecto e elabora un breve informe. • Resolver unha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo de grupo para localización dos trámites de constitución. • Proba escrita resolta polos alumnos. • Informe sobre axudas e subvencións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos web. • Ordenador con proxector e presentación. • Libro de EIE de referencia. • Aula de informática. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.5 - Trámites de constitución. • PE.6 - Vías de asesoramento e xestión externas á empresa. • TO.2 - Axudas e subvencións. • TO.3 - Plan de empresa. 	5,5
TOTAL						11,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa.	21

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou unha mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar estados de contas sinxelo de empresas do sector para determinar a súa liquidez, solvencia e rentabilidade. 1.2 Identificar os principais conceptos, procedementos e técnicas contables para interpretar a información contable.	1	Fundamentos contables.	5,0
2.1 Coñecer os métodos de selección de investimentos. 2.2 Elaborar un presuposto de tesouraría. 2.3 Localizar as distintas fontes de financiamento propio e alleo. 2.4 Buscar os organismos e subvencións de axuda para a creación de empresas. 2.5 Realizar un estudo sinxelo de viabilidade económica e financeira dunha peme do sector para incluílo no plan de empresa.	2	Investimento e financiamento.	8,0
3.1 Cumprir a documentación básica comercial dunha empresa do sector co obxecto de familiarizarse cos trámites administrativos necesarios para a xestión dunha empresa e incluír os devanditos documentos no plan de empresa. 3.2 Coñecer as obrigas fiscais dunha empresa do sector co obxecto de elaborar un calendario fiscal específico para a empresa. 3.3 Distinguir as principais características de cada imposto para determinar as tarefas administrativas que levan aparellados.	3	Xestión administrativa e fiscal.	8,0
TOTAL			21

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.	• PE.1 - Conceptos básicos de contabilidade.	S	20
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.	• PE.2 - Análise información contable.	N	20
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa informática, con diferenciación dos tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais).	• PE.3 - Obrigas fiscais.	S	20
CA4.4 Formalizouse con corrección a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena ou unha mediana empresa de informática, mediante procesos.	• LC.1 - Documentación comercial.	N	20
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro, e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.	• TO.1 - Plan financeiro.	S	20

TOTAL
100
4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena ou dunha mediana empresa no sector de informática.</p> <p>Concepto de contabilidade e nocións básicas: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de informática: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financieira.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Fundamentos contables. - Conceptos básicos de contabilidade e análise dos estados de contas mediante ratios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos conceptos básicos contables: principios, normas e operativa básica. Comentario dos supostos prácticos resoltos no manual. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver casos prácticos de representación de balances e contas de resultados. Resolver casos prácticos de cálculo do fondo de manobra e dos principais ratios. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Recursos web. Libro de EIE de referencia. Ordenador con proxeutor e presentación. Aula de informática e folia de cálculo. Plan Xeral de Contabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Conceptos básicos de contabilidade. PE.2 - Análise información contable. 	5,0
Investimento e financiamento. - Deseño da estrutura do pasivo e viabilidade da empresa (financiamento e investimento).	<ul style="list-style-type: none"> Explicación teórico-práctica dos conceptos básicos da unidade. Comentario dos supostos prácticos resoltos no manual. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionarios e casos prácticos sobre financiamento e selección de investimentos. Cada equipo selecciona as fontes de financiamento e proxectos de investimento máis axeitados ao proxecto empresarial e presentación aos compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> Plan financeiro e de investimento do proxecto empresarial. Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática e folia de cálculo. Ordenador con proxeutor e presentación. Recursos web. Libro de EIE de referencia. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Análise información contable. TO.1 - Plan financeiro. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión administrativa e fiscal. - Coñecemento dos distintos procesos de xestión dunha empresa do sector.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación e explicación dos documentos de compravenda. • Explicación das obrigas fiscais das empresas. • Comentario dos supostos prácticos resoltos no manual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cada alumno/a formaliza a secuencia dos documentos comerciais, como parte do seu proxecto emprendedor. • Resolución de casos prácticos sinxelos sobre liquidación de impostos e taxas (IAE, IVE) • Elaboración en cada equipo emprendedor, dun calendario fiscal, para o proxecto de emprendemento. • Resolver unha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentación de compravenda formalizada. • Calendario fiscal elaborado polos alumnos/as. • Casos prácticos resoltos. • Proba escrita realizada polos alumnos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> • Modelos de documentación comercial e fiscal facilitados pola profesora. • Libro de texto de referencia. • Ordenador con proxeccionador e presentación. • Aula de informática. • Recursos web. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Documentación comercial. • PE.3 - Obrigas fiscais. 	8,0
TOTAL						21,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES.

Serán os así indicados en cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da avaliación será un valor numérico, sen decimais, entre 1 e 10.

Para aprobar o alumnado ten que obter unha calificación igual ou superior a 5.

A nota obteranse do seguinte modo:

O 10% da nota dependerá do traballo de clase, tanto on line como presencial (segundo a evolución da situación sanitaria).

O 60% procederá da media ponderada dos exames escritos (sempre que se obteña un mínimo de 4) que se realizarán, xa de maneira presencial, xa de maneira telemática(segundo a evolución da situación sanitaria).

O 30% da nota virá determinada pola realización do plan de empresa e outras actividades, tarefas e exercicios que se pedirán ao longo do curso ao alumnado (tanto de maneira presencial, como a través da aula virtual).

Para a avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes aspectos:

-Coñecementos teórico- prácticos demostrados nas probas escritas.

-- Comportamento honesto no desenvolvemento das probas escritas. Aqueles alumnos/as que mantuveran un comportamento fraudulento durante o desenvolvemento das mesmas, se falamos de probas parciais, terán dereito a que o profesor lle facilite (no tempo que reste de clase) outra proba igual ou similar a que estaba facendo. Se o fraude tivera lugar na proba de final de curso, o exame será retirado e a nota da avaliación será de 1.

-Traballos e exercicios entregados e calidade dos mesmos. Especialmente atenderase a que os traballos entregados sexan persoais, orixinais, de autoría propia... a que o alumnado actúe limpamente.

-Participación na clase (presencial e/ou on line) e relación co resto do alumando e co profesorado no entorno de traballo (tanto virtual, como presencial).

-Mantemento e cumprimento das normas de orde e seguridade e hixiene.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

É obrigatorio ter superadas, cunha nota de mínima de 5, todas as avaliacións do módulo de EIE para ser declarado aprobado.

Tamén será necesario que o alumno/a entregue antes do exame de avaliación, as actividades/traballos (Proxecto Empresarial) relacionadas coa avaliación.

Para aquel alumnado suspenso, realizarase unha proba de recuperación final no mes de marzo que combinará parte teórica e práctica. A nota mínima para ser declarado aprobado no módulo é de cinco (5). O alumnado terá dereito a esta proba final de recuperación no caso de ter algunha avaliación suspensa ao longo do curso ou ben de ter pendente todo o módulo. Esta proba será presencial ou on line, segundo a evolución da situación sanitaria.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo no período abril-xuño. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados e/ou un exame teórico-práctico que terá lugar ao longo do mes de xuño. Esta proba será presencial ou on line, segundo a evolución da

situación sanitaria.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando superen o 10% de faltas de asistencia, que no módulo de EIE, equivale a 6 horas, o alumnado perderá o dereito de avaliación continua.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo. O alumno/a será orientado previamente sobre a forma de realizar dita proba que consistirá nunha proba obxetiva teórico-práctica sobre os mínimos esixibles para a adquisición da avaliación positiva. A cualificación será numérica entre 1 e 10 puntos, considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.

O instrumento que se empregará para avaliar a estes alumnos é a proba denominada Proba Final Extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita onde se incluírán diversas preguntas tipo test da materia, xunto con preguntas cortas teóricas e supostos prácticos a resolver. Será necesario alcanzar 5 puntos sobre 10 para superar o módulo.

Esta proba final extraordinaria será presencial ou on line, segundo a evolución das circunstancias sanitarias.

Os criterios de avaliación neste caso son:

- Os considerados mínimos esixibles para a adquisición da avaliación positiva.
- Interese amosado ao longo do curso cara ao módulo e o grupo, así coma a preocupación, solicitando atención en horas de tutoría ou por medio do correo electrónico.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A normativa vixente establece a obriga de realizar un seguimento mensual da programación, tanto nas reunións do Equipo Docente, como nas reunións do Departamento de FOL.

Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para o desenvolvemento da programación teranse en conta as conclusións obtidas da avaliación inicial e partiremos dos coñecementos previos do alumnado.

Para proceder a avaliación da práctica docente recabarase información das reunións realizadas polo equipo docente, nas que se mostran os indicadores anteriormente citados, e dos cuestionarios periódicos realizados ao alumnado co fin de averiguar o grao de conformidade co módulo de EIE, onde se lles solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, as técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos marcados nas distintas unidades didácticas. Observarase ademais se existe absentismo nas clases, o aprendido polo alumnado ao finalizar o módulo e os resultados académicos obtidos.

Unha vez visto isto, realizaranse propostas de mellora que poidan ser interesantes cara o vindeiro curso, e que serán recollidas na memoria final do departamento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Para este curso basearase na observación dos datos proporcionados de primeiro curso e polo titor/a e datos de información de matrícula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo, enténdese isto como un enriquecemento. Sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na formación profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro do proxecto Aula de emprendemento, realizaranse diferentes actividades:

- Charla sobre economía social e cooperativismo.
- Entrevista a emprendedores da contorna.
- Saída a Sogama ou empresa similar.
- Vídeo conferencia da FUAC

10. Outros apartados

10.1) Aula Virtual

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslosadadieguez/aulavirtual/course/view.php?id=292>

10.2) Comunicación

A aula virtual, a mensaxería e o correo electrónico son ferramentas que permiten, con carácter xeral, un contacto adecuado co alumnado. No obstante, aqueles/as que teñen unha participación deficitaria nas actividades presenciais soen seguir conservando a mesma liña de actuación coa docencia telemática, polo que o seguimento diario, neste último caso, resulta imposible.

10.3) Actividades virtuais

En caso de clases virtuais (toda a aula ou so unha parte, de maneira esporádica ou estable oa longo do curso) as actividades serán acordes coa excepcionalidade da situación, de maneira que farán fincapé nos puntos clave da formación dos/as alumnos/as.

10.4) Metodoloxía virtual

Cada luns enviarase un correo a todo o alumnado co planning da semana, estruturado para as tres horas de EIE que nos corresponden. Esta mesma información cólgarase no foro de novas e no apartado "últimas novidades" da aula virtual .

Desta forma, o alumnado terá a súa disposición o itinerario que debe seguir para potenciar as súas competencias.

Todos os alumnos da clase dispoñen (a día de hoxe) dos dispositivos e conectividade necesaria para realizar as actividades do módulo de EIE.

10.5) Materiais e recursos virtuais.

Os recursos que se empregarán en caso de clases virtuais serán a aula virtual Moodle, o sistema de mensaxería do Moodle, o correo electrónico e o libro de texto.